



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 631/2019

OBJECTO: ORZAMENTO DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O EXERCICIO 2020.

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e na función de control financeiro permanente establecido no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico de Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

INFORME

CUESTIÓN PREVIA

Consta no expediente informe de intervención que contén un erro consistente na aplicación da taxa de variación do gasto do computable para o exercicio 2020, figurando 2,8 e debendo constar 2,9, segundo o Acordo do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020. O presente informe emítese aos efectos de corrixir o anterior, facéndose constar que figura con erros.

ANTECEDENTES DE FEITO

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2020, que se presenta acompañado da documentación prevista no TRLRFL.
- Informe de Secretaría indicativo do procedemento a seguir.
- Providencia de Alcaldía que solicita a emisión do presente informe.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RD 500/1190, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL).
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEPSF).

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





CONCELLO DE CHANTADA

- RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria para a súa aplicación as Entidades Locais.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Lei 27/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os orzamentos xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que se prevean liquidar durante o correspondente exercicio, así como as previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente. Asimesmo, o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a él imputarase os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.

Segundo.- As entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade, os dos organismos autónomos dependentes desta e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.

O orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e conterà, para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a) Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos a liquidar durante o exercicio.

Asimesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convintes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que podan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativo que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3H96MKM54YPNNFM535PN9QY6G | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 14



CONCELLO DE CHANTADA

Os recursos da entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís destinaránse a satisfacer o conxunto das súas respectivas obrigas, salvo no caso de ingresos específicos afectados a fins determinados.

Os dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas aplicaránse aos orzamentos polo seu importe íntegro, quedando prohibido atender obrigas mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de xeito expreso. Exceptúanse do anterior a devolución de ingresos que se declaren indebidos polo tribunal ou autoridade competente.

Cada un dos orzamentos que integren o xeral deberá aprobarse sen déficit inicial.

Terceiro.- O orzamento da entidade local será formado polo seu Presidente e ao mesmo deberá unirse a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, aos seis meses do exercicio corrente.
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.
- d) Anexo das inversións a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada entidade local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios suscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación ao que se refire o artigo 57 bis da LRBRL.
- g) Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

Cuarto.- O presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitiráo, informado pola intervención ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, exporáse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento consideraráse definitivamente aprobado se no citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas. A aprobación definitiva do orzamento xeral polo Pleno da Corporación deberá realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse. O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da Correspondente Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial sinalado. O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma sinalada. A copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Aos efectos de presentar reclamacións ao orzamento terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da entidade local
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

Só poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos na lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por se de manifesta insuficiencia os ingresos en relación cos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que están previstos.

Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdicción. O Tribunal de Contas deberá informar previamente a resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria. A interposición do recurso non suspenderá por sí sola a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3H96MKM54YPNNFM535PN9QY6G | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 14



CONCELLO DE CHANTADA

Quinto.- Segundo o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, en cumprimento das obrigas de publicidade activa deberán facerse públicos os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución e sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das Administracións Públicas.

Sexto.- O proxecto de orzamento que se somete a informe de esta Intervención presenta o seguintes importes globais:

ORZAMENTO	IMPORTE
INGRESOS	6.651.263,81
GASTOS	6.651.263,81
DIFERENCIA	0

O orzamento preséntase sen déficit inicial, cumprindo o principio de equilibrio orzamentario, definido como aquel que esixe a nivelación orzamentaria, prohibindo a previsión de gastos superiores aos ingresos orzamentarios.

O proxecto de orzamento presenta o seguinte clasificación por capítulos:

INGRESOS

CAPITULOS	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.636.260,47
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	159.000
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	591.027,60
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.711.294,45
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	6.308,06
SUBTOTAL (1 A 5)	OPERACIÓNS CORRENTES	6.103.890,58
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	547.373,23
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0
9	PASIVOS FINANCEIROS	0
SUBTOTAL (6 A 9)	OPERACIÓNS DE CAPITAL	547.373,23
TOTAL INGRESOS		6.651.263,81

GASTOS

CAPITULOS	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
1	GASTOS DE PERSOAL	2.870.846,38
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.620.263,12
3	GASTOS FINANCEIROS	126.342,43
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	183.015,62
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0
SUBTOTAL (1 A 5)	OPERACIÓNS CORRENTES	5.800.467,55
6	INVERSIÓNS REAIS	850.796,26
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0
9	PASIVOS FINANCEIROS	0
SUBTOTAL (6 A 9)	OPERACIÓNS DE CAPITAL	850.796,26
TOTAL GASTOS		6.651.263,81

- Observacións:

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3H96MKM54YPNNFM535PNSQY6G | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a Plataforma Xestión Pública | Páxina 6 a 14



CONCELLO DE CHANTADA

En canto aos ingresos, tendo en conta a xustificación recollida no informe económico-financieiro así como o contido da memoria, e en aplicación do principio de prudencia respecto das consecuencias e económico-financieiras que puideran derivarse da cobertura de gastos con cargo a ingresos previsibles que posteriormente non reflexasen a execución orzamentaria prevista, esta Intervención considera que sería convinte prestar atención á súa execución para que, no caso de que as condicións se modificasen ao longo do exercicio e os condicionantes sinalados non se cumprisen, poderán realizarse revisións correctoras á baixa. En caso contrario admitiríase a realización de gastos, correntes e de investimento, financiados en base a estimacións de ingresos correntes que, no caso de non cumprirse as expectativas produciría, sen prexuízo dos resultados orzamentarios derivados doutros conceptos, un resultado de déficit orzamentario. Convén, por tanto, levar cumprida vixiancia da execución de ingresos para, no caso de que fose necesario, proceder ás medidas de contención do gasto que resultara procedente. De calquera xeito, as contías recollidas nos distintos capítulos de ingresos constitúen meras previsións, susceptibles de control á vista da execución efectiva das mesmas ao longo do exercicio e cuxa valoración e xustificación corresponden aos órganos xestores.

En canto aos gastos, advírtese que resulta necesario levar un control estricto da execución do presuposto de gastos a efectos de garantir a suxeición estricta ao principio de especialidade cuantitativa dos créditos. Recoméndase o control periódico desta execución, fundamentalmente no que se refire ao gasto do Capítulo II, aos efectos de non incrementar o importe da conta 413, e de controlar a débeda comercial.

Sétimo.- O artigo 3 da LOEPSF define a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural, sinalando que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei realizaráse nun marco de estabilidade orzamentaria coherente coa normativa europea. Asimesmo, segundo o artigo 11 desta Lei, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten a gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que formen parte do sector público someteráse ao principio de estabilidade orzamentaria. Ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Sentado o anterior, debe avaliarse se o proxecto do orzamento presentado cumpre o principio de estabilidade orzamentaria, procedéndose, para elo, ao seu cómputo, dacordo coas instrucións sinaladas no Manual da IGAE para o cálculo da estabilidade orzamentaría das Corporacións Locais.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3H96MKM54YPNNFM535PN9QY6G | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a Plataforma Xestiona esPublico | Páxina 7 a 14



CONCELLO DE CHANTADA

CAPITULOS	IMPORTES
1 A 7 DE INGRESOS	6.651.263,81
1 A 7 DE GASTOS	6.651.263,81
TOTAL	0
AXUSTES SEC	+701.678,20
TOTAL AXUSTADO	+701.678,20 euros.

Dacordo co Manual para o cálculo da estabilidade orzamentaria das Corporacións Locais practícanse os seguintes axustes:

Primeiro.- Diferencia entre Dereitos Recoñecidos Netos e Recadación Neta de corrente e cerrados, polos Capítulos 1 a 3 de ingresos.

- Explicación do axuste

En contabilidade nacional o criterio para a imputación destes ingresos é o de caixa, mentres que en contabilidade orzamentaria séguese o criterio de devengo. Deste xeito, se a recadación por corrente e por cerrados é inferior aos dereitos recoñecidos practicarase un axuste negativo (menor capacidade de financiación) e se a recadación por corrente e por cerrados é superior aos dereitos recoñecidos practicarase un axuste positivo (maior capacidade de financiación).

Ainda que o momento no que se está a efectuar este cómputo é o da elaboración do orzamento, xa que nos atopamos no mes de xullo, pódense estimar con bastante precisión os datos de recoñecemento de dereitos e recadación a final de ano polos conceptos orzamentarios dos capítulos 1 a 3 de ingresos, polo que a estimación farase conforme á experiencia acumulada de exercicios anteriores e os datos obrantes na contabilidade municipal na data da emisión do presente informe.

- Axuste

CAPITULO INGRESOS	DRN EXERCICIO 2020	RECADACIÓN 2020 CORRENTE	RECADACIÓN 2020 PECHADOS	AXUSTE
1	2.636.260,47	2.372.634,42	416.888,62	153.262,57
2	159.000	159.000	0	0
3	591.027,60	531.924,84	41.894,56	- 17.208,20
TOTAL				136.054,37

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Segundo.- Participación en tributos do Estado

- Explicación do axuste

Realizaráse un axuste positivo polas cantidades que se prevé sexan retidas no exercicio 2020 correspondentes ás liquidacións negativas da PTE noutros exercicios. Procédese dacordo cos datos obrantes en contabilidade, non obstante este axuste debe practicarse con prudencia dada a incerteza da evolución destes ingresos a fin de ano, sendo posible que resultase unha liquidación negativa.

- Axuste

Segundo os datos obrantes na contabilidade municipal no exercicio 2020 producíronse devolucións por PIE de exercicios anteriores por **102.692,68**.

Terceiro.- Operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413).

- Explicación do axuste

Á data do cierre do exercicio deben rexistrarse aquelas obrigas esixibles aínda que non se teñan dictado os correspondentes actos de recoñecemento da obriga. Polo tanto, se o saldo final da conta 413 é maior que o inicial o axuste será de maior gasto (menor capacidade de financiación) e se é menor será de menor gasto (maior capacidade de financiación).

- Axuste

No exercicio 2020 aplicáronse as seguintes relacións de facturas correspondentes a exercicios anteriores:

EXPEDIENTE	IMPORTE
42/2020	69.978,63
352/2020	148.399,01
352/2020	119.066,78
605/2020	125.486,73
TOTAL	462.931,15

Nótese que o expediente 605/2020 correspóndese cun suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería, que destina destina a cantidade de 125.486,73 euros a facturas de exercicios anteriores. Advírtese que as cantidades aplicadas son superiores ao saldo inicial da conta 413 no exercicio 2020, debendo tramitarse o correspondente procedemento para a depuración de erros contables, aos efectos de que o saldo desta conta se axuste á realidade.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Advírtese que se debe realizar un estricto seguemento da xestión do orzamento, evitando a práctica de realizar gastos sen a retención de crédito oportuna, porque se o saldo final da conta 413 non se axustase a estas previsións poderíase incumprir a estabilidade orzamentaria, debendo aprobarse un plan económico-financeiro, o que se advirte aos efectos oportunos.

CONTA 413	IMPORTES
1. SALDO INICIAL 1/01/2020 (correxido)	462.931,15
2. SALDO FINAL 31/12/2020 (estimación)	0
3. AXUSTE SEC (1-2)	462.931,15
4. AXUSTE POSITIVO	462.931,15

- Outros aspectos en canto á estabilidade orzamentaria

Existe un expediente de crédito extraordinario no orzamento prorrogado para a compra de dúas vivendas, cuxa non incorporación ao presente orzamento se fai constar expresamente.

Debe terse en conta que é previsible, que, como nos últimos anos se produza un porcentaxe de inexecución do orzamento (faise referencia a este axuste ao facer a previsión de cumprimento da regra do gasto), en cuxo caso minoraríanse as obrigas recoñecidas dando lugar a un maior cumprimento da estabilidade.

Sétimo.- Segundo o artigo 12 da LOEPSF a variación do gasto computable das entidades locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Entenderáse por gasto computable aos efectos previstos os empregos non financeiros definidos nos termos dos Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou de outras Administracións Públicas e as transferencias ás comunidades autónomas e as corporacións locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes de recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar a contía equivalente. Cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións na recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse íntegramente. Os ingresos que se obteñan por encima do previsto destinaránse íntegramente a reducir o nivel de débeda pública.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Hai que destacar que a modificación da Orde 2105/2012, de 1 de outubro pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na LOEPSF, realizada mediante a Orde 2082/2014, de 7 de novembro, concretamente a modificación dos artigos 15.3 c) e 16.4, supón que non é preceptivo o informe do interventor local sobre o cumprimento da regra do gasto en fase de elaboración a partir do presuposto do exercicio 2016, estando só previsto como informe en fase de liquidación do mesmo. Non obstante, considerando que o Concello de Chantada ten en vigor un plan económico-financeiro e tendo en conta a data de aprobación do orzamento esta Intervención estima pertinente verificar este extremo, sen prexuízo de que se trate de estimacións e debendo controlar e axustar a execución do orzamento para garantir o cumprimento desta regra fiscal a final do exercicio.

Para a realización deste cálculo séguese o Manual da IGAE para o cálculo da regra do gasto. Segundo este Manual o gasto computable do ano n-1 (2019) determinarase a partir da liquidación do orzamento de dito exercicio e a estimación do gasto computable do ano n (2020) realizarase tomando como base a información dispoñible no momento do seu cálculo (orzamentos, execución ou liquidación). Aínda que nos atopamos en fase de elaboración do orzamento, dado que o exercicio presupostario se atopa avanzado, da contabilidade xa se deriva información suficiente para facer unha estimación razoable do que sucederá a fin de exercicio, sen prexuízo, das variacións que podan ter lugar.

1	GASTOS CAPÍTULO 1 A 7	6.651.263,81
2	GASTO CAPÍTULO 3	(-) 125.322,43
3	EMPREGOS NON FINANCEIROS EXCLUIDOS INTERSES DA DÉBEDA	6.525.941,38
4	AXUSTES SEC	462.931,15
5	AXUSTE POR GRADO DE EXECUCION DO GASTO	866.645,01
6	TRANSFERENCIAS FINALISTAS	1.164.140,10
7	GASTO COMPUTABLE EJERCICIO 2020 (estimación)	4.032.225,120

PREVISION DO CUMPRIMENTO/INCUMPRIMENTO REGRA DO GASTO

A)	GASTO COMPUTABLE EJERCICIO 2019 (liquidación 2019)	4.922.070,54
B)	GASTO COMPUTABLE EJERCICIO 2020 (estimación)	4.032.225,120
C)	APLICACIÓN TAXA VARIACION AO GASTO COMPUTABLE DO EJERCICIO 2019 (2,9 %).	5.066.840,58
D)	DECREMENTOS PERMANENTES DE RECADACIÓN	-2.346,74

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

E)	LÍMITE GASTO COMPUTABLE EJERCICIO 2020	5.064.493,85
F)	LÍMITE GASTO COMPUTABLE PEF (359/2019)	6.252.729,35
F)	RESULTADO	CUMPRE

De cumprirse as estimacións recollidas no presente informe cumpriríase coa regra do gasto no exercicio 2020, tendo tamén en conta as previsións do plan económico-financeiro (Expediente 359/2019).

Primeiro.- Cálculo dos empregos non financeiros, excluídos os intereses da débeda.

Os empregos non financeiros calcularánse sumando os capítulos 1 a 7 de gastos, excluíndo o capítulo 3. Non obstante, deberán engadirse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, deudas e outras operacións financeiras, así como os gastos de execución de avais, xa que estes gastos non se consideran intereses dacordo co Sistema Europeo de Contas. O Importe do Capítulo 3 de gastos é de 126.342,43, e prevense gastos de por formalización e cancelación de débedas por importe de 1.020 euros.

Segundo.- Axustes Sistema Europeo de Contas

a) Axuste por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.

- Xustificación do axuste

A aplicación do principio de devengo do Sistema Europeo de Contas implica a imputación de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento no que se decida a súa imputación orzamentaria. Polo tanto, as cantidades aboadas no exercicio na conta 413 darán lugar a axustes de maiores empregos non financeiros mentres que as cantidades cargadas, é dicir aplicadas ao orzamento, implicarán axustes de menores empregos non financeiros. En definitiva, os gastos realizados no exercicio que queden pendentes de aplicar ao orzamento axustaránse como un maior gasto e os gastos aplicados ao orzamento do exercicio pero realizados en exercicios anteriores implicarán un menor gasto.

- Aplicación do axuste

Nos termos sinalados no presente informe para a estimación da estabilidade orzamentaria, o axuste previsto será de menor gasto computable por importe de **462.931,15**. Reitérase a necesidade dun adecuado control da execución do orzamento de gastos, aos efectos de garantir o cumprimento das regras fiscais a fin de exercicio.

b) Axuste por grado de execución do gasto

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3H96MKM54YPNNFM535PN9QY6G | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 14



CONCELLO DE CHANTADA

- Xustificación do axuste

Nas Corporacións Locais a execución orzamentaria adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo para o cálculo do gasto computable cando se parte do proxecto do orzamento ou do orzamento inicial, realizarase un axuste por grado de execución do gasto, que reducirá ou aumentará os empregos nos financeiros . Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles créditos que polas súas características se consideren de imposible execución no orzamento, e aumentaráos naqueles créditos cuxa execución vaia superar o importe dos previstos inicialmente. Este axuste estimarase por cada entidade local en función da experiencia acumulada de anos anteriores, sobre as diferencias entre as previsións orzamentarias e a execución real.

- Aplicación do axuste

As liquidacións dos orzamentos do Concello de Chantada nos exercicios anteriores mostran os seguintes porcentaxes de inexecución (créditos totais/obrigas recoñecidas), por todas as aplicacións orzamentarias de gastos.

EXERCICIO	PORCENTAXE DE INEXECUCIÓN
2017	12,41%
2018	11,5%
2019	15,95 %
% INEXECUCIÓN MEDIA	13,28 %

Sinalado o anterior aplicarase sobre os empregos non financeiros excluídos os intereses da débeda do 13,28%. Así 6.525.941,38, resultando un axuste de 866.645,01 euros.

- **Decrementos permanentes de recadación**
- Xustificación do axuste

Cando se aproben cambios normativos que supoñan decrementos permanentes de recadación deberán axustarse no exercicio correspondente.

- Axuste

No exercicio 2020 derogouse a ordenanza fiscal de ocupación de vías públicas con mesas e cadeiras. Segundo os datos obrantes na contabilidade municipal a recadación no exercicio 2019 por este concepto orzamentario foi de 2.346,74 euros, polo que, segundo o exposto debe procederse a realizar un axuste negativo por decremento permanente de recadación, sen

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

prexuízo de que se se aprobase outra ordenanza fiscal debería aplicarse o correspondente axuste en sentido contrario.

Oitavo.- Límite de gasto non financeiro

Segundo o artigo 30 da LOEPSF as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra do gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos do seu orzamento.

O límite de gasto non financeiro do proxecto de orzamento presentado é de 6.648.917,07 euros.

CONCLUSIÓNS

Primeira.- O proxecto do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2020 preséntase equilibrado, sen que se aprecien dacordo coa memoria de Alcaldía obrante no expediente indicios de sobreestimación de ingresos.

Segunda.- Dacordo coas estimacións incorporadas ao presente informe o proxecto de orzamento cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e resulta previsible que a fin de exercicio cumpra o obxectivo da regra do gasto, respetando tanto o plan económico-financieiro como o límite do gasto computable resultante da liquidación do orzamento do exercicio 2019.

Terceiro.- O límite do gasto non financeiro é de 6.648.917,07 euros.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3H96MKM54YPNNFM535PNSQY6G | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14